

Romaría da Virxe da Barca

Unha festa que busca ter selo internacional

A celebración máis emblemática de Muxía arranca co pregón do historiador Xosé Antón Castro Fernández

Redacción

Muxía vive dende hoxe catro días de festa e tradición coa romaría da Virxe da Barca, que arranca co pregón do muxián Xosé Antón Castro Fernández, ás 20.00 horas no Cabo da Vila. Catedrático, historiador da arte, crítico e comisario de exposicións, Castro mantén unha estreita relación académica e persoal coa Barca. Xa en 1980 dedicou a súa tese de licenciatura ao santuario da Virxe e posteriormente continuou investigando e divulgando o patrimonio e a identidade muxiás.

Tras o pregón chegará o concerto

da cantautora coruñesa Sés, unha das voces con máis personalidade da música galega contemporánea. A actuación forma parte do Mercado da Deputación da Coruña. A paisaxe que sabe, que permanecerá aberto durante os catro días da romaría. A partir das 22.30 horas, a programación estará especialmente dirixida á mocidade co muracán 9Louro, a Disco Móbil Impacto e a Orquesta Bomba.

A festa gañará intensidade mañá, sábado 12. París de Noia e Orquesta Fuego protagonizarán a noite antes doutro dos grandes momentos do programa: ás 00.30 horas está previsto o espectáculo de fogos artificiais.



A cantante Sés actúa este venres na apertura da romaría da Virxe da Barca.

O domingo 13 concentrará boa parte dos actos máis tradicionais. A misa da Virxe da Barca celebrárase ás 13.00 horas e, ao seu remate, terá lugar a anunciada como maior traca de Galicia. A vertente festiva continuará despois do vermú cun tardeo con Mar Dávila, ata as 19.00 horas, e pola noi-

te con Satélites e Orquesta Magos.

O luns 14 chegará un dos momentos de maior carga emotiva. Ás 12.00 horas partirá a procesión para levar de novo a Nosa Señora da Barca ao seu santuario. Olympus e Escaparate serán os encargados de poñer o broche musical a catro días nos que Muxía

volverá converter a súa romaría nun punto de encontro para veciños, peregrinos e visitantes. Unha celebración emblemática non só para a localidade muxiá, senón para o conxunto da Costa da Morte.

Proxección crecente

A edición da romaría da Barca de 2026 chega, ademais, nun momento especialmente significativo para a proxección desta cita relixiosa e festiva. Turismo de Galicia informou favorablemente a solicitude do Concello de Muxía para conseguir a declaración de Festa de Interese Turístico Internacional, tras analizar a documentación presentada. O expediente deberá ser remitido ao Ministerio de Industria e Turismo, ao que lle corresponderá resolver definitivamente sobre a concesión do distintivo.

Na súa valoración, a Xunta destacou a vinculación da Barca coa tradición xacobeá. A lenda da aparición da Virxe ao Apóstolo Santiago conecta a celebración coa historia das peregrinacións, mentres que o santuario é un dos destinos asociados á prolongación do Camiño cara á Costa da Morte. ■

VIRXE DA BARCA

ROMARÍA · MUXÍA '26

NOVENA MISAS Do 3 ao 11 de setembro, ás 9 e 19 h.

VIERNES 11 DE SETEMBRO

12.00 h - Tirada de 21 bombas de palanque. Pasarrúas

Sesión Verma coa **ORQUESTRA BOMBA**

MERCADO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

• A PAISAXE QUE SABE •

No Cabo da Vila

20.00 h - Pregón • 20.30 h - Concerto de **SÉS**

00.00 h - Concerto de **9LOURO**

Verbena coa **ORQUESTRA BOMBA & DISCO MÓBIL IMPACTO**

SÁBADO 12 DE SETEMBRO

12.00 h - Tirada de 21 bombas de palanque. Pasarrúas

MISAS 11, 13, 18 e 19 h.

Sesión Verma coa **ORQUESTRA FUEGO**

00.30 h - Espectáculo de fogos de artificio

Verbena coa **ORQUESTRA FUEGO & PARÍS DE NOIA**

DOMINGO 13 DE SETEMBRO

9.00 h - Tirada de 21 bombas de palanque. Pasarrúas

MISAS: 11, 16 e 19 h.

13.00 h - Misa e Procesión da Santísima Virxe da Barca ata o porto

14.30 h - Tirada da maior traca de bombas de toda Galicia

Sesión Verma con **ORQUESTRA MAGOS**

Tardeo con **MAR DÁVILA** (ata as 19 h)

Verbena coa **ORQUESTRA MAGOS & OS SATÉLITES**

LUNS 14 DE SETEMBRO

9.00 h - Tirada de 21 bombas de palanque. Pasarrúas

MISAS: 10 e 19 h.

12.00 h - Misa e Procesión da Santísima Virxe da Barca ata o santuario

Sesión Verma coa **ORQUESTRA ESCAPARATE**

Verbena coa **ORQUESTRA ESCAPARATE & OLYMPUS**

Romaría da Virxe da Barca



A romaría da Virxe da Barca é unha das máis concorridas de cantas se celebran en Galicia.



Segundo a tradición, pasar baixo a Pedra dos Cadrís alivia as doenzas reumáticas e dos riles.

Muxía abre catro días de fe, tradición e festa

Comeza unha das romarías máis antigas e concorridas de Galicia, que afunde as súas raíces na devoción á Virxe e nos ritos arredor das pedras sagradas que a lenda relaciona coa súa chegada por mar

Redacción

Dende hoxe venres e ata o luns, Muxía convértese en punto de encontro de milleiros de romeiros que acoden á romaría da Virxe da Barca, unha celebración na que se mesturan desde hai séculos relixión, lenda e tradición popular. As súas orixes están ligadas ás do propio santuario, que empezou como ermida nun lugar no que antes se terían practicado cultos pagáns. O primeiro documento escrito conservado sobre o templo data de 1544.

Boa parte da singularidade da Barca está nas grandes pedras situadas xunto ao santuario. Segundo a lenda, a Virxe chegou por mar para darlle ánimos ao Apóstolo Santiago na súa evangelización destas terras e a súa embarcación quedou convertida en pedra. A Pedra de Abalar representaría a vela; a Pedra dos Cadrís, a barca, e a Pedra do Temón, o temón.

A Pedra de Abalar, de nove metros de longo, fíxose célebre pola súa ca-


pacidade para balancearse e emitir un característico son cando alguén subía sobre ela. A tradición chegou a asociar ese movemento coa inocencia das persoas e mesmo coa chegada dos temporais. As sucesivas tempestades acabaron provocando roturas e desprazamentos que impediron que continuase abalando como antigamente.

Outro dos grandes rituais está ligado á Pedra dos Cadrís, baixo a que os romeiros pasan seguindo unha tradición á que se atribuíron propiedades curativas para doenzas reumáticas e dos riles. A lenda conta tamén que baixo ela apareceu a imaxe da Virxe e que, tras ser levada á igrexa parroquial, regresou misteriosamente ao lugar no que fora atopada.

A celebración comeza coa Novena e gaña intensidade coa chegada dos romeiros. A festa ten ademais unha particularidade no calendario: celébrase o segundo domingo de setembro, salvo cando coincide co día 8, caso no que pasa ao día 15. De aí o coñeci-

do dito de que a Barca «non baixa de nove nin sobe de quince».

Co tempo, á devoción relixiosa sumouse unha potente vertente festiva que converteu a Barca nunha das grandes citas da Costa da Morte. Na madrugada do domingo prodúcese unha das estampas máis características: mentres uns regresan dunha noite de festa, outros diríxense ao santuario para participar nos actos litúrxicos. ■



Santuario da Barca e, en primeiro termo, a célebre Pedra de Abalar.

Pirotecnia

R. RESUA, S.L.

Espectáculos en Fuegos Artificiales

Fábrica/Almacén/Oficinas: Lg. Monte Deira - Pedroso - Vilariño, 15991 Cespón - BOIRO - A Coruña (España)
Tfno./Fax: 881 006 141 Comerciales: 629 75 54 05 | 629 75 54 06 | 630 049 848
e-mail: info@pirotecniaresua.com

Les desea
Felices Fiestas



lonxa d'alvaro

Espacio Gastrocultural

Puja por nuestros platos,
disfruta de nuestro sabor

C/ Marina nº22, Muxía - A Coruña | T: 981 742 501
info@alonxadalvaro.com | www.alonxadalvaro.com



Felices Fiestas!